

# VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

SEGUNDO A REVISTA WRITER'S DIGEST

## **The Barcelona Review, mellor revista literaria electrónica de ficción contemporánea**

Desde o pasado outono na súa edición en español publicou a antoloxía "Galicia, mujeres poetas" por iniciativa de Judith Amazares. Nesta sección aparecen textos de Chus Pato, María do Cebreiro, Emma Couceiro, Cristal Méndez, Marta Dacosta, Estivaliz Espinosa, Ana Romaní e Olga Novo.

- 11:11 04/04/2005

O formato multilingüe da publicación -inglés, catalán e español- permite falar de tres revistas independentes, se ben a planificación de cada número é conxunta e moitos dos textos publicanse nas tres linguas da revista. [The Barcelona Review](#) lanzouse por primeira vez en abril de 1997 desde a súa sede no barrio gótico de Barcelona para fomentar a tradución literaria da máis alta cualidade e mais a creación literaria na narrativa breve. Aparece cada dous meses a mediados dos meses impares.